PAU 2025

CONVOCATORIA ORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**FRANCÉS**

(Cód. 12)

## Proba escrita (10 puntos)

### PREGUNTA 1. BLOQUE DE COMUNICACIÓN. COMPRENSIÓN DE TEXTO ESCRITO

Puntuación: **3 puntos**

Esta pregunta pretende comprobar a comprensión lectora por parte do alumnado, fixando a atención nos detalles relevantes do texto.

Respostas correctas:

**1.1.** Quel est le problème rencontré par le film *Fall* selon le studio Lionsgate ? (**0,4 puntos**)
Resposta :
*b) Le film utilise trop de jurons.*

**1.2.** Quelles étapes le réalisateur Scott Mann a-t-il suivies pour modifier les répliques du film *Fall* ? (**0,3 puntos**)
Respostas :
*a) Il a demandé aux acteurs d'enregistrer leurs répliques sans jurons.*
*c) Il a utilisé une technologie d'intelligence artificielle.*

**1.3.** Quel est l'objectif principal de la start-up *Flawless* dans le texte ? (**0,3 puntos**)
Resposta :
*b) Obtenir une meilleure classification des films.*

**1.4.** Retrouvez dans le texte les passages qui répondent aux questions suivantes et recopiez-les **(1,2 puntos)**

**1.4.1.** Sur quelle innovation technologique repose l'entreprise *Flawless* ? **(0,6 puntos)**

**Resposta correcta completa** :

➾ *« Fondée sur l'intelligence artificielle, la technologie de Flawless est censée remplacer les jurons des scènes incriminées par des termes plus doux aux oreilles des jeunes spectateurs et des dirigeants de Lionsgate ».*

**Exemplos de respostas incompletas** :

➾ « (*Une technologie) fondée sur l'intelligence artificielle* » : indica o tipo de tecnoloxía,

pero non explica a súa función nin o obxectivo polo que se emprega. Non responde completamente a "*quelle est l'innovation technologique sur laquelle...*" que inclúe tamén a súa aplicación concreta → 0,3 puntos.

➯ « *la technologie de Flawless est censée remplacer les jurons des scènes incriminées par des termes plus doux* » : describe o que fai a tecnoloxía, pero non menciona o tipo de innovación (intelixencia artificial), que é o núcleo da pregunta → 0,3 puntos.

➞ A resposta debe recoller non só o nome da innovación tecnolóxica ("intelligence artificielle"), senón tamén a súa funcionalidade ou finalidade no contexto do texto.
A pregunta non se limita a identificar un termo, senón que solicita sobre que innovación tecnolóxica se basea a empresa, o que implica tanto a natureza da tecnoloxía como a súa aplicación concreta no caso descrito.
Polo tanto, respostas parciais que mencionen unicamente "intelligence artificielle" non permiten avaliar se o/a alumno/a entendeu o funcionamento e a finalidade da tecnoloxía no contexto, e deben ser consideradas incompletas (máx. 0,3 puntos).

**1.4.2.** Quels bénéfices le film *Fall* a-t-il obtenus après les modifications apportées, y compris en termes de rentabilité ? ***(0,6 puntos)***
**Resposta correcta completa** : « *Le juron n'a pas blessé les chastes oreilles du comité de classification, qui a accordé à Fall le tant espéré sceau PG-13. Lionsgate et Mann peuvent se féliciter de la manœuvre : le budget de 3 millions de dollars du film a vite été amorti par les 21 millions de dollars de recettes* »

**Exemplos de respostas incompletas** :
➯ « *qui a accordé à Fall le tant espéré sceau PG-13* » : enténdese a vantaxe en canto á clasificación e á difusión implícita, pero non aparece nada sobre a rendibilidade, que se solicita explicitamente na pregunta → 0,3 puntos.
➯ « *le budget de 3 millions de dollars du film a vite été amorti par les 21 millions de dollars de recettes* »: moi claro en canto á rendibilidade, pero non hai ningunha mención á clasificación nin á consecuencia sobre o público → 0,3 puntos.

➞ É importante que os **dous beneficios** aparezan de forma <u>clara</u> e <u>explícita</u> no fragmento do texto que se copia.

**1.5.** *Vrai/faux?* **(0,8 puntos)**
O alumnado terá que contestar se a información proporcionada nas **catro** preguntas ou enunciados é verdadeira (V) ou falsa (F).

a) Le film *Fall* a été classé PEGI-18. **Faux**
b) Le problème est apparu à cause des lois européennes sur le langage dans les films. **Faux**
c) Finalement, ce sont les acteurs qui ont refait les scènes. **Faux**
d) Le logiciel peut reformuler presque toutes les répliques. **Vrai**

## PREGUNTA 2. BLOQUE DE REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. MORFOSINTAXE

Puntuación: **2 puntos**

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos morfosintácticos da lingua francesa. Consta de tres apartados dos que o alumnado

deberá **responder dous**. En cada un deles deberá ser capaz de modificar e reescribir a estrutura dunha oración seguindo as indicacións do enunciado.

## Respostas correctas:

**2.1.** Transformez la phrase suivante à la voix passive :
Phrase : Le studio Lionsgate devait assurer la distribution du film.
Resposta : « **La distribution du film devait être assurée par le studio Lionsgate ».**

**2.2.** Transformez la phrase suivante au discours indirect :
Phrase: « J'ai gardé un 'fuck' à la fin », avoue-t-il.
Resposta : **« Il avoue qu'il a gardé un 'fuck' à la fin ».**

**2.3.** Transformez la phrase suivante à la forme négative :
Phrase : « Plusieurs options se présentaient à Scott Mann ».
Resposta : « **Aucune option ne se présentait à Scott Mann »** ou **« Il ne se présentait aucune option à Scott Mann ».**

### PREGUNTA 3. BLOQUE DE REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. LÉXICO

Puntuación: **2 puntos**

Esta pregunta avalía a capacidade do alumnado para entender e utilizar o vocabulario dentro dun contexto dado, non só recoñecendo palabras individuais, senón tamén interpretando correctamente o seu uso en frases ou textos máis amplos. Consta de tres apartados dos que o alumnado deberá **responder dous**.

## Respostas correctas:

**3.1.** Cherchez dans le texte un synonyme pour les mots suivants :
Respostas :
complication ⇨ **problème**
supposée ⇨ **censée**
dorénavant ⇨ **désormais**
visés ⇨ **ciblés**

**3.2.** Cherchez dans le texte deux termes équivalents à « mots impolis ».
Respostas : « **jurons », « gros mots ».**

**3.3.** Cherchez dans le texte un antonyme pour les mots suivants :
Respostas :
permissive ⇨ **sévère**
forcée ⇨ **crédible**

## PREGUNTA 4. BLOQUE DE COMUNICACIÓN. PRODUCIÓN ESCRITA

Puntuación: **3 puntos**

A pregunta pretende avaliar a capacidade e destreza do alumnado no ámbito da produción escrita. Búscase que os estudantes produzan textos claros, correctos e con un uso adecuado das estruturas lingüísticas do francés.

Os **3 puntos** outorgaranse segundo o maior ou menor grado de cumprimento destes parámetros:

a) **Coherencia e cohesión**: Estrutura clara, con ideas organizadas e un uso correcto dos conectores. O alumnado sabe expresar e estruturar correctamente as súas ideas facendo un uso pertinente e variado dos conectores. Non inclúe información irrelevante. **(1 punto)**

b) **Riqueza e precisión léxica**: O alumnado sabe empregar un vocabulario variado e preciso, evitando repeticións. **(0,7 puntos)**

c) **Corrección gramatical, ortografía e puntuación**: Uso correcto dos tempos verbais, as concordancias, os pronomes e outras estruturas gramaticais. A modo de exemplo: uso apropiado do presente, pasado (*passé composé, imparfait*), futuro, condicional e subxuntivo, segundo o contexto. Respecto das regras de concordancia de xénero e número entre suxeito, verbo, adxectivos e outros elementos da oración. Uso correcto dos pronomes persoais (suxeito e obxecto), relativos (*qui, que, dont*), demostrativos, adverbiais (*en, y*), etc. Uso correcto de frases subordinadas, uso da voz pasiva, negación e formación de preguntas.
Valorarase igualmente a corrección ortográfica e o uso adecuado da puntuación. **(0,8 puntos)**

d) **Adecuación :** O contido é completamente relevante e responde perfectamente á consigna. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Utiliza un rexistro de lingua adecuado ao tipo de texto (formal, informal, etc.). **(0,5 puntos)**

As respostas demasiado breves ou demasiado extensas con respecto ao límite permitido serán penalizadas con 0,5 puntos menos (-0,5 puntos). Se a composición non se adecúa á temática proporcionada na consigna a puntuación será de cero.